Deputación
DA CORUÑA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
01 DEC. 2014
ENTRADA Nº 8958
SAÍDA Nº

ÁREA DE ACCIÓN TERRITORIAL
SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA URBANÍSTICA
Avda. Alférez Provisional s/n
15006 A Coruña

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
ENTRADA 176424 / RX 1462439 Data 28/11/2014 10:45:29

OFICIO

s/ref.: SXCAAN
n/ref.: SATU / 14XGAleiPRTapxAUDofcCMRM
Asunto: audiencia no anteproxecto da lei de portos de Galicia

En atención ao seu trámite de audiencia, envíolle a certificación do acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, do 25.11.2014, relativa ao informe que se emite sobre o asunto de referencia.

A Coruña, 25 de novembro de 2014

O Presidente

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA * PRESIDENCIA *

Diego Calvo Pouso

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ACORUÑA
REXISTRO XERAL
29 NOV 2014
SAÍDA m.º 31796

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

Deputación
DA CORUÑA

DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

CERTIFICA: Que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día vinte e cinco de novembro de dous mil catorce aprobouse o seguinte:

"17.-APROBACIÓN DO INFORME DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE O ANTEPROXECTO DA LEI DE PORTOS DE GALICIA.

1 Aprobar a emisión dun informe sobre o anteproxecto da lei de portos de Galicia, que contén as seguintes observacións ou suxestións que se formulan desde a Área de Acción Territorial con base en criterios de precisión:

- *artigo 3.1:*

  - *resultaría oportuno especificar que esta disposición se refire aos "(...) portos, infraestruturas e instalacións portuarias* ***referidas no artigo 2 desta lei*** *(...)"*

- *artigos 32.a/c, 48.5:*

  - *cumpriría que o prazo "(...) dun mes (...)" que se estabelece para a emisión de informes preceptivos e/ou de información pública se aumentase ata o de "(...)* ***2 meses*** *(...)" que figura disposto, con esas mesmas finalidades, nos art. 84.3/5, 85.1/2, 86.1.a da LG 9/2002 e 15.2/3, 29.2/3 da LG 5/1995, así como nos art. 35.3, 36.6/7, 37.1, 38.6, 48.4 do propio anteproxecto; normalización que tamén situaría a ese prazo en consonancia co de "(...)* ***45 días hábiles (...)"*** *que se regula nos art. 19.1, 21.2, 22.2, 28.4, 30.2 da L 21/2013 para as tramitacións ambientais que deben producirse de forma integrada nos mesmos procedementos*

  - *por outra parte, en relación co silencio e conforme a última redacción dada a este respecto pola última modificación (L 8/2013) do art. 9.8 do RDL 2/2008 e demais normativa concordante, parecería máis adecuado substituír no artigo 32.a, así como en todos os seguintes que analogamente correspondan, as expresións "(...)* ***favorable*** *(...)" e "(...)* ***desfavorable*** *(...)" por "(...)* ***positivo*** *(...)" e "(...)* ***negativo*** *(...)"*

- *artigo 33.2:*

  - *conviría determinar, para maior seguridade xurídica, que a aprobación se producirá "(...) oído o concello ou concellos afectados* ***e con sometemento a información pública, mediante os mesmos trámites dispostos no artigo 32 desta Lei.*** *(...)"*

- *artigo 34.4, 35:*

  - *sería máis congruente coa restante lexislación na materia, (especialmente, consonte o disposto no art. 86.1.a da LG 9/2002) que a Administración portuaria se limitase á formulación dos plans especiais e que a*

Administración urbanística fose competente para a súa aprobación; solución que resultaría asemade máis lóxica, ao poder detectarse así calquera discrepancia no inicio do procedemento -antes da información pública- co fin de resolvela oportunamente mediante a competencia dun órgano superior (art. 198 da LG 9/2002, en sintonía coa adc. 10ª do RDL 2/2008)

- *artigo 36:*

  - *obteríase unha maior axilidade administrativa suprimindo o apartado 7 e determinando no apartado 6 un carácter vinculante para o informe previo á aprobación inicial dos plans, con sentido positivo no caso de silencio*

- *artigo 37.1:*

  - *produciríase unha maior seguridade xurídica engadindo que ese sentido se producirá "(...) **; agás nos supostos en que se precise licenza municipal, nos que ese silencio se entenderá producido en sentido negativo.** (...)" (consonte o disposto no art. 9.8 do RDL 2/2008)*

- *artigo 38:*

  - *parece necesario esixir tamén aquí, neste procedemento para a construción de novos portos ou instalacións portuarias, o estudo arqueolóxico e informe da Consellería competente que se prevé no art. 44.2 para as obras de dragaxe*

- *artigo 48.9, 49.3:*

  - *faltaría precisar que, ademais da publicación do acordo de aprobación no DOG, deberá publicarse o contido do instrumento analogamente no BOP e por medios telemáticos (art. 70.2, 70.ter da L 7/1985; 6 da L 11/2007; 11 do RDL 2/2008; 5,6,7 da L 19/2013; 92.2 da LG 9/2002; 196.2 do RD 2568/1986)*

- *artigo 52.2:*

  - *procedería corrixir, segundo se subliña, a errata do parágrafo "(...) **As citadas instalacións non poderán situarse nos primeiros cincuenta metros** (...)"*

- *artigo 145.1:*

  - *igualmente, procedería corrixir a errata do parágrafo "(...) **O desafiuzamento administrativo dos que ocupen de maneira indebida** (...)"*

- *disposición transitoria cuarta b.2:*

  - *debería determinarse un único parámetro máximo de superficie edificable; que podería ser o de "(...) **1,50 m^2/m^2** (...)", tal como figura legalmente*

Deputación
DA CORUÑA

estabelecido para o solo urbano non consolidado como límite de sustentabilidade (art. 46.2.a da LG 9/2002).

2 Dar conta do presente acordo á Consellería do Medio Rural e do Mar."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente por orde e co visto e prace do Presidente da Deputación da Coruña, sendo vinte e cinco de novembro de dous mil catorce.

V° e Pr.

O presidente

DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA * PRESIDENCIA *

DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE CORUÑA * SECRETARÍA GENERAL *